



PLATAFORMA

Galicia Nomeada

Explorar agora



I Xeira CLARIAH-GAL

2 de maio de 2024
Facultade de Filoloxía (USC)

Departamento USC
Financiado por USC XUNTA DE GALICIA

Un recurso dixital para salvagardar e investigar a toponimia galega

Vicente Feijoo Ares (RAG)

CONTIDOS

1. A riqueza da toponimia galega como patrimonio inmaterial; un patrimonio que esmorece e que urxe recoller.
2. Proxectos en marcha arredor da toponimia galega.
3. A aplicación das novas tecnoloxías na salvagarda e difusión dos nomes da nosa terra: **o proxecto colaborativo Galicia Nomeada.**
4. Resultados obtidos con Galicia Nomeada ata o momento e perspectivas de futuro: melloras tecnolóxicas encamiñadas cara á investigación nas ciencias humanas, nomeadamente na lingüística.

A toponimia galega fainos únicos no mundo

DENSIDADE



VARIEDADE



ANTIGÜIDADE



A toponimia galega forma parte do noso patrimonio cultural inmaterial pola información lingüística, histórica e cultural que nos achega.

LINGUA

É a pegada lingüística do pasado, unha fonte imprescindible de coñecemento da nosa lingua, das formas dialectais e de moito vocabulario en desuso.




HISTORIA

É o espello en que poder ver os modos de vida dos antepasados, as súas crenzas e as características da paisaxe cando se lle puxo nome a un espazo.



CULTURA

A toponimia é unha ciencia interdisciplinar que nos achega información sobre moitas disciplinas: xeoloxía, xeografía, etnografía, arqueoloxía, etnografía, botánica, agricultura... Por iso, ten un gran potencial didáctico.



A Gulpilleira



O Xogo dos Birlos



A Mamoela/ Medoña/ Medorra...



O Souto

A microtoponimia esmorece: os nomes da nosa terra estanse a perder pola transformación dos modos de vida tradicionais en Galicia

Abandono das tarefas agrícolas e gandeiras



Aldeas quedan deshabitadas



Falecen as persoas maiores



No mar, os GPS e rádar



Cidades e vilas medran



Proxectos que se están desenvolvendo actualmente

GALICIA NOMEADA
Recollida colaborativa de
microtoponimia



**Portal TOPONIMIA
DE GALICIA**
toponimia.xunta.gal



Corrección e
actualización do
**NOMENCLÁTOR
DE GALICIA**



Programa de formación
e divulgación
TOPONIMÍZATE



Organismos implicados



**Consellería de Cultura,
Lingua e Xuventude**
Secretaría Xeral de Política
Lingüística

**Consellería de Facenda
e Administración
Pública**
Amtega

**Consellería de Medio
Ambiente e Cambio
Climático**
Instituto de Estudos do
Territorio (IET)

**REAL
ACADEMIA
GALEGA**
Seminario de
Onomástica

Protexer e difundir esta herdanza cultural debe ser tarefa de todos: con este obxectivo nace o proxecto colaborativo Galicia Nomeada



Que podemos facer coa aplicación Galicia Nomeada?

Sen estar rexistrado/a

1. Consultar a toponimia existente no visor de calquera parte do territorio galego para traballos de investigación de tipo filolóxico, histórico, etnográfico, antropolóxico... ou para os traballos da Administración pública relacionados coa xestión do territorio.
2. Xogar (o xogo está pensado para que os/as usuarios/as, sobre todo a xente nova, coñezan o medio no que viven, saiban situar as aldeas do seu concello, os elementos de interese cultural...)
3. Facer suxestións sobre o funcionamento e rendemento da aplicación nos dispositivos móbiles.

Tendo unha conta de usuario/a

1. Introducir novos topónimos aos que lle podemos anexar información complementaria en formato texto, audio ou vídeo.
2. Facer suxestións (de tipo lingüístico ou de tipo xeográfico) sobre topónimos introducidos por outros/as usuarios/as no visor.
3. Achegar arquivos e información complementaria en topónimos introducidos por outros/as colaboradores/as.

Resultados do proxecto: colaboradores/as, achegas...



- ❑ Catro anos de vida do proxecto (2020-24)
- ❑ Colaboradores/as rexistrados/as: **3.496**
- ❑ Topónimos achegados: **74.439**
- ❑ Validados polo ETRAG: **69.310**
- ❑ Disponibles para consulta no visor: **515.705** (procedentes do PTG + GN + NG 2003)
- ❑ Suxestións achegadas: **+ 8.000**
- ❑ Colectivos: máis de **70** centros de ensino / **58** asociacións veciñais e culturais / **23** comunidades de montes
- ❑ Colaboradores/as por concello: hai en **306** concellos (quedan **7** concellos sen ningún colaborador)
- ❑ Porcentaxe de territorio recollido: **40%** (PTG + achega pública)

Perspectivas de futuro a curto prazo de Galicia Nomeada como ferramenta para a investigación nas ciencias humanas, nomeadamente na lingüística

- ❑ Integración do novo **Nomenclátor 2024** no visor de Galicia Nomeada e na cartografía de Galicia para a elaboración do Nomenclátor Xeográfico de Galicia, adaptado á directiva INSPIRE da Comunidade Europea coa finalidade de que os datos sexan interoperables nas infraestruturas de datos espaciais europeas.
- ❑ Publicación en breve dun **buscador filolóxico**: buscas complexas por cadeas de palabras usando caracteres comodín (% , * , ?) e xeración de mapas temáticos cos resultados.
- ❑ Inclusión de **etimoloxías** nas fichas de topónimo de Galicia Nomeada procedentes de: campaña [Toponimízate](#) + vídeos da sección "[O Seminario de Onomástica responde](#)" + [publicacións](#) do portal Toponimia de Galicia.



Perspectivas de futuro a longo prazo de Galicia Nomeada como ferramenta para a investigación nas ciencias humanas, nomeadamente na lingüística



Buscas de toda a información posible arredor dun topónimo usando os programas de INTELIXENCIA ARTIFICIAL (primeiras conversas coa AMTEGA)

- ❑ Topónimos de Galicia Nomeada: información lingüística e xeográfica + audios + vídeos + fotos +documentos
- ❑ Atestacións escritas na documentación histórica: GALICIANA, Arquivos (AHUS, ARG, ACS...), Portal PARES (Castastro do Marqués de Ensenada), CODOLGA, TMILG, TILG, BIRMED, ArGaMed...
- ❑ Pronuncia de topónimos: MDB Galicia Nomeada, Dicionario de pronuncia da lingua galega, Proxecto Nós...
- ❑ Etimoloxías de topónimos: publicacións de Terra Nomeada, Toponomasticon Hispaniae, vídeos "O Seminario de Onomástica responde" ...



Xesús Ferro Ruibal (2016: 350)



Emociona ver como o mar e a terra, as paredes, as pedras, as fontes, os camiños, as ruínas agachadas deixan de ser materia inerte e sen sentido, como piden a palabra e rompen a falar connosco, para nos contaren, só co seu nome, historias que alí se viviron, historias de resistencia ás inclemencias do tempo e da vida, historias de esforzo intelixente de homes e mulleres para se adaptaren a ese medio, historias de domesticación das pedras, da vexetación, dos ríos e das fervezas; historias incluso da domesticación do océano cun GPS feito na casa hai moitos séculos pero eficaz e fiable; algunha vez historias de amor ou de odio; historias nunca escritas en papel; historias encriptadas nun nome que só pervive no uso e na memoria dos vellos do lugar. Todo iso condensado nun **humilde nome de lugar**.

Moitas grazas pola vosa atención!!!



Vicente Feijoo Ares

Coordinador da Unidade Técnica de Toponimia

Seminario de Onomástica

REAL ACADEMIA GALEGA

Correo: toponimia@academia.gal

Teléfono: 881 995 322